

A Pascua

Xesús ama.

Ante todo desexarvos unha Boa Pascua a todos e todas.

Xustificación da unidade:

Nesta semana na que se continúa ca docencia telemática, preténdese achegar a celebración destas datas ó alumnado.

Dada a dificultade que nace de querer adaptar a historia da Pascua o alumnado a estas idades usando esta metodoloxía, vamos levar a cabo a lectura do Coello de Pascua, para que deste xeito teñan unha referencia que os faga pensar en cousas que lles gustan e os volven ledos, sobre todo, tendo en conta a situación actual.

Obxectivos:

.Descubrir a Pascua coma unha mensaxe de Amor.

.Entender que a Pascua é alegría.

.Descubrir o moito que nos quere Xesús.

Desenvolvemento da unidade:

Para o seu desenvolvemento vai xogar un papel moi importante o diálogo e a comunicación recíproca, polo que se propoñen unha serie de actividades que necesitan da interacción entre o alumnado e as familias.

Esta vai estar dividida en tres partes:

1ª parte:

Na primeira parte vamos a contar a historia do **Coello de Pascua**.

Antes de comenazar, sería bo para situar ó neno/a en contexto, preguntarlle se coñece o coelliño de Pascua? e Se sabe que é o que fai?.

Conta a lenda que había unha vez un coelliño que vivía nun monte a onde todos os días viñan moitos nenos e nenas a xogar.

O coello encantáballe oír a risa dos nenos. Pero o que máis lle gustaba, era oír a voz do xove que as veces xogaba con eles. Cando se cansaban e se sentaban en círculo e o xove lles falaba con unha voz doce e agarimosa que facía suspirar o coello.

Entón achegábase para oír mellor e algún dos nenos acariciábao mentres oían a aquel

amigo.

Certa noite, Blanquiño, que así se chamaba o coelliño, escoitou ruídos, achegouse e veu o xove amigo de xeonllos.

Detívose.

A cara daquel home reflectía pena e medo.

Blanquiño quería consolalo, pero só era un pobre coelliño branco, entón botou a chorar con tódalas súas forzas, sentindo pena e medo do xove amigo.

Entón El viuno. Tomouno sobre o seu corazón e acariciouno.

Pasado un tempo o coelliño retornou todo ledo para a súa cova.

O día seguinte, escoitou un gran alboroto e a moita xente berrando e chorando. Asustado marchou correndo a esconderse dentro dunha gran cova.

Estando alí ollou como traían o corpo do seu amigo, a quen a xente que estaba alí chamaba Xesús, como o envolvían e logo tapaban a cova cunha pedra.

O coelliño todo triste deitouse o seu lado e choraba de pena de ver así o seu amigo.

Os dous días, o coello despertou asombrado o ver como Xesús se levantaba, pero máis abraiado quedou o ver como un Anxo apartaba a pedra da cova e Xesús marchaba.

O coelliño púxose tan contento que quixo saír correndo a contarlle aquela boa nova a todo o mundo, pero lembrouse de que tiña un problema: non podía falar.

Entón tivo unha ocorrencia: pintar ovos de cores e levarllos as persoas para que entenderan o motivo da súa ledicia e así elas puidesen tamén estar felices.

Dende entón, cada Domingo de Pascua, un coelliño deixa ovos de chocolate pintados de cores a tódolos nenos e nenas.



2ª parte:

Rematado o conto levaremos a cabo varias preguntas relacionadas co mesmo. Para elas preséntanse varias propostas, pero ben poden ser outras calquera.

O que se busca é levar ó alumnado a conclusión, de que **a Pascua non é unha festa para estar triste, senón ledo, unha ledicia que nace do amor.**

Estas son algunhas das propostas:

- Sabes quen era ese xove que xogaba cos nenos e nenas?
- Por que pensas que o coelliño está feliz?
- Porque pensas que o coelliño marchou todo ledo a levar ovos de cores nenos e nenas?

3ª parte:

Realización de actividades.

As actividades que se presentan son de carácter lúdico e sinxelo. O ideal é que este tipo de actividades sexan feitas en familia. Consisten na realización dun **Coello de Pascua**.

Achéganse varios modelos. Debido o estado actual no que vivimos, poida que non sexa doado ter estes materiais nas casas, polo que val calquera material de refugallo, dese xeito tamén traballamos unha conciencia respectuosa ca contorna.

Se algún dos nenos/as, non é quen de facer algún destes ovos de Pascua, pode facer unha ficha recortable que se adxunta ao final, consistente na elaboración do burro no que ía Xesús.

Por último, achéganse uns crebacabezas virtuais sobre a Pascua. Están por cursos, graduando así a dificultade. Son moi sinxelos.

Se algún dos alumnos/as quere facer outro de maior dificultade tamén pode.

Conejito con hueveras



Materiales

- Una caja de cartón de huevos
- Tijeras
- Pintura blanca y rosa
- Rotulador negro
- Pegamento

Pasos

1. Corta solo una pieza de la caja de huevos. Tendrás que quitar los bordes para que quede plano y, después, recortar un cuadrado de la caja para poder hacer las orejas.
2. Utiliza el último recorte para hacer la forma ovalada de las orejitas del animal. Después, pégalas en la parte de atrás de la pieza de cartón.
3. Dibuja los ojos, la nariz y la boca con el rotulador de color negro.
4. Pinta la nariz y los bigotes con la pintura rosa y blanca.

Conejitos de Pascua con rollo de papel



Materiales

- Tubos de cartón
- Témpera blanca
- Goma EVA
- Cartulina
- Tijeras
- Pegamento
- Rotulador negro para hacer la boca y los bigotes
- Algodón para la cola
- Ojos móviles

Pasos

1. Pinta el tubo de cartón con la témpera blanca. Déjalo secar.
2. Una vez que el tubo esté seco, recorta la goma EVA blanca para hacer la forma de las orejas del conejo (tal y como se ve en la imagen).
3. Haz lo mismo con la goma EVA rosa, pero en un tamaño más pequeño.
4. Cuando tengas todos los recortes, pega los de color rosa sobre los de color blanco para hacer las orejas. Después fíjalas en la parte superior del tubo.
5. Para hacer los dos pies al conejo, recorta también la goma EVA de color rosa (tal y como aparece en la imagen). Después fíjalos en la parte inferior de la figura.
6. Utiliza también la goma EVA rosa para cortar un pequeño triángulo que será la nariz del animal.
7. Pinta los bigotes y la boca con el rotulador negro.
8. Para hacer la cola, coge un poco de algodón blanco y pégalo en la parte trasera del tubo.

Conejo con vaso







Materiales

- Un vaso desechable
- Tijeras
- Pegamento

- Goma EVA (foam) de colores
- Cartulinas
- Ojos móviles
- Limpiapipas blanco
- Rotulador negro

Pasos

1. Recorta la goma EVA de color blanco en forma de dos óvalos en forma fina y alargada para hacer las orejas.
2. Haz lo mismo con la goma EVA de color rosa pero, esta vez, haz los óvalos un poco más pequeños. Pégalos sobre la goma EVA blanca que previamente has recortado. Déjalo secar.
3. Coge el vaso desechable y dale la vuelta para pegar las orejas en la parte posterior.
4. Para los bigotes, recorta cuatro piezas del limpiapipas. Pégalos en el centro del vaso, dos a cada lado.
5. Corta un triángulo de la goma EVA rosa y pégalos en la parte superior de los bigotes para hacer la nariz del conejo.
6. Pega dos ojos móviles encima de la nariz.
7. Dibuja la boca debajo de la nariz con el rotulador negro.



-Crebacabezas.

Para 4º de Educación Infantil. 6 pezas

<https://www.jigsawplanet.com/?rc=play&pid=2777f0550977>

Para 5º de Educación Infantil. 12 pezas

<https://www.jigsawplanet.com/?rc=play&pid=2df7a6cff143>

Para 6º de Educación Infantil. 12 pezas

<https://www.jigsawplanet.com/?rc=play&pid=0fa859741169>

Para 1º de Educación Primaria. 16 pezas

<https://www.jigsawplanet.com/?rc=play&pid=0c1dee0f487c>

Para 2º de Educación Primaria. 30 pezas

<https://www.jigsawplanet.com/?rc=play&pid=2b22fcd2eaf0>